



Orde do --- de 2017 pola que se determinan a contía e mais o procedemento de aboamento das probas periciais a cargo da Administración de xustiza en Galicia

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, inclúe a asistencia pericial entre as prestacións propias do dereito á asistencia xurídica gratuíta, establecendo no seu artigo 6.6 a regra xeral de que a asistencia pericial gratuíta no proceso sexa realizada por persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais, ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servizos técnicos dependentes das administracións públicas, e que só excepcionalmente e cando por inexistencia de técnicos na materia de que se trate, non fose posible a asistencia pericial de peritos dependentes dos órganos xurisdicionais ou das administracións públicas, esta se leve a cabo, se o xuíz ou o tribunal o estima pertinente en resolución motivada, por técnicos privados designados consonte o que se establece nas leis procesuais.

Como consecuencia das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro (funcións e servizos en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza), e asumidas polo Decreto da Xunta de Galicia 394/1994, do 29 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia realizou o desenvolvemento normativo da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, a través do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

O Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia establece no seu capítulo VIII o procedemento para a designación xudicial de peritos nos procesos en que interveñan partes que teñen recoñecido o dereito á asistencia pericial gratuíta; aplicable así mesmo, en virtude da disposición adicional terceira, ás peritaxes que en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas solicite o Ministerio Público, e de igual forma, a Administración autonómica tamén aplicará estas previsións na tramitación de causas penais en relación coas probas periciais que sexan ordenadas de oficio polo xuíz, ou ben acordadas a instancia do Ministerio Fiscal.

O procedemento establecido polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, dispón que nestes casos o persoal dependente da Administración pública non terá dereito a percibir honorarios pola súa actuación como perito xudicial, sen prexuízo do dereito a percibir as indemnizacións de servizo que procedan, así como do dereito á percepción de gratificacións extraordinarias cando a colaboración xudicial implique prolongación da súa xornada laboral.



E por outro lado, para o excepcional suposto de designación de técnicos privados como peritos xudiciais, o mencionado decreto establece o procedemento que para o caso debe seguir o órgano xudicial, correndo a cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de xustiza, o aboamento dos honorarios conforme as condicións económicas que se estipulen entre a Administración e o perito.

Para tales efectos, o regulamento determina a obriga de remitir á dirección xeral competente en materia de xustiza para a súa aprobación, antes da práctica da proba pericial, unha previsión do seu custo económico que conteña necesariamente: o tempo previsto de realización; o custo por hora en función da retribución media que lle outorga a Administración a un membro dun corpo en que se esixa unha titulación similar para levar a cabo a pericia; e mais os gastos precisos para a súa realización.

Finalmente, o artigo 52.5 do decreto citado estableceu que mediante unha orde da consellería competente en materia de xustiza se determinarían módulos económicos tipo, así como a forma de pago dos gastos e honorarios ocasionados pola actuación de profesionais privados en probas periciais.

Xa que logo, procede a fixación dunhas contías máximas para o pagamento destas actuacións, garantindo, por unha parte, a asistencia pericial aos órganos xudiciais, e por outra, a utilización racional dos recursos públicos.

Así mesmo, co fin de conxugar os intereses lexítimos dos profesionais privados que sexan designados xudicialmente peritos, considerouse a necesidade de dar un paso máis para mellorar a prestación do servizo, establecendo a posibilidade de avanzar o aboamento dos honorarios aprobados antes de se recaer a resolución definitiva que poña fin ao procedemento xudicial, e sen prexuízo da comunicación desta circunstancia ao órgano xudicial para os efectos da súa eventual inclusión en custas.

Para establecer estas cantidades máximas tomouse en consideración a retribución media que lle outorga a Administración a un membro dun corpo para o que se esixa titulación similar á requirida pola materia de ditame, así como a consideración de custo social desta actuación pola función social que se realiza, criterios orzamentarios e de racionalización do gasto público da Administración, ademais de ter en conta tamén os baremos que aplican outras comunidades autónomas con competencias na materia; e non obstante a posibilidade de que naqueles casos concretos en que circunstancias excepcionais o aconsellen, a dirección xeral competente en materia de xustiza poida autorizar expresamente a aprobación dunha contía superior no caso concreto.



En definitiva, o principal obxectivo desta orde é dobre: por unha banda, garantir a prestación da asistencia pericial nos casos en que esta deba correr a cargo da Administración, respectando o principio de racionalización do gasto público; e, por outra, garantirlles aos profesionais privados que voluntariamente estean dispostos a actuar como peritos e resulten designados peritos polo tribunal, o cobramento polo seu traballo realizado sen necesidade de agardar a que finalice o procedemento xudicial.

Por todo isto, e de acordo co artigo 52.5 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. A presente orde ten por obxecto o desenvolvemento do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, regulando os módulos económicos, así como a forma de pagamento dos gastos e honorarios ocasionados pola actuación de profesionais privados en probas periciais, cuxo aboamento lle poida corresponder asumir á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de xustiza.

2. Esta orde é aplicable ás probas periciais realizadas ante os órganos xudiciais con sede en Galicia, que foran acordadas en procesos xudiciais nos que interveñan partes que teñan recoñecido o dereito á asistencia pericial gratuíta, así como ás peritaxes que en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas solicite o Ministerio Público.

Tamén é aplicable na tramitación de causas penais en relación coas probas periciais que de oficio ordene o xuíz ou tribunal, ou acordadas a instancia do Ministerio Fiscal.

3. Exclúense do ámbito de aplicación desta orde as periciais que foran acordadas a instancia de parte que non teña recoñecido o dereito de asistencia pericial gratuíta, as cales deben ser a cargo das partes e son obxecto de regulación pola lexislación procesual.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

O procedemento para o aboamento da retribución que lles corresponda aos profesionais que realicen probas periciais no ámbito de aplicación sinalado no



artigo anterior, rexeráse polo Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, aprobado polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e máis polas disposicións da presente orde.

Artigo 3. Retribución

1. Cando, de acordo co establecido no artigo 52 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, proceda a asistencia pericial gratuíta prestada por peritos privados, a consellería competente en materia de xustiza, de acordo coas súas disposicións orzamentarias, aboaralle ao profesional que fose designado conforme as normas procesuais e o procedemento de designación xudicial de peritos establecido no capítulo VIII do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, a contraprestación que lle corresponda segundo o seguinte baremo:

Titulación superior: ata 1.064,80 €.

Titulación media: ata 878,46 €.

Resto de pericias: ata 532,40 €.

As contías máximas fixadas inclúen o IVE e máis o resto dos impostos que sexan aplicables.

Deste xeito, a retribución máxima por hora traballada non poderá superar os 40 €/hora, 33 €/hora e 20 €/hora, respectivamente; cunha limitación xeral máxima de 20 horas para a realización da pericia, e de 2 horas polo tempo empregado para a asistencia ao xuízo.

2. Excepcionalmente, cando por razóns de especial complexidade o número de horas previsto para a elaboración do informe excedese das 20 horas, estas serán aboadas á razón de 25€/hora, 20€/hora e 15€/hora, respecto aos baremos fixados no punto anterior.

Para que unha proba pericial sexa considerada, para efectos de pagamento, de especial complexidade, deberá ser así apreciado polo órgano xudicial que a acordou, xustificándoo convenientemente ante a dirección xeral competente en materia de xustiza.

Para estes efectos, presumirase que a proba pericial pode ser considerada de especial complexidade cando o número de persoas sobre as que verse o ditame pericial exceda as 4, e así o aprecie o órgano xudicial que a acordou.

3. Aos profesionais privados aboaránselles os gastos dos desprazamentos realizados, á razón da quilometraxe establecida na normativa vixente sobre indemnizacións por razón do servizo na Administración xeral do Estado e que



resulten documentalmente xustificados. En ningún caso se aboarán gastos de aparcamento.

Artigo 4. *Procedemento para aboar os honorarios*

1. Antes da realización da proba pericial, o técnico privado remitirá á dirección xeral competente en materia de xustiza, para a súa aprobación, unha previsión do custo económico daquela, con observancia do disposto no apartado 3º do artigo 52 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.
2. A minuta de honorarios axustarase á previsión de custo económico aprobada pola dirección xeral competente en materia de xustiza. En caso contrario, ou no suposto de que non exista a dita previsión, non se tramitarán as minutas de honorarios presentadas, salvo que as mesmas se axusten ao disposto nesta orde.

Artigo 5. *Pagamento avanzado das periciais xudiciais*

1. A consellería con competencias en materia de xustiza pode avanzar o aboamento dos honorarios unha vez que o órgano xudicial acredite a realización e entrega do ditame pericial solicitado, sen necesidade de que recaese resolución poñendo fin ao proceso, polo que con carácter xeral non se atenderán solicitudes de provisión de fondos.
2. Unha vez realizado o aboamento, a consellería con competencias en materia de xustiza comunicarllo ao órgano xudicial para os efectos da súa inclusión na taxación de custas.

Artigo 6. *Reintegro económico*

1. No suposto de que a consellería con competencias en materia de xustiza avanzase o pagamento da peritaxe, pero unha vez recaída a resolución que lle poña fin ao procedemento xudicial non lle corresponda á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia asumir o dito concepto, procederá o reintegro económico das cantidades aboadas en concepto de proba pericial.

A tal fin, a parte obrigada ao pagamento procederá a facer efectivo o reintegro do importe da peritaxe aboadado pola consellería con competencias en materia de xustiza, mediante o seu ingreso na conta do Tesouro Público galego.

2. O previsto no apartado anterior será tamén de aplicación nos supostos de reintegración previstos no artigo 36 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.



Disposicións derradeiras

Primeira. Aplicación da orde

Autorízase ao titular da Dirección Xeral de Xustiza para ditar os actos e resolucións oportunas para o desenvolvemento e axeitada aplicación e execución da presente orde.

Segunda. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de ____.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza